



Código do documento	Código do expediente
UPO17I012G	UPO/2023/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
6226 440D 0U0E 6P0M 1E72	

KDA

Libro de Resoluciones

Número : 1082

Data : 07/06/2023

RESOLUCIÓN

Aprobación do protocolo para a prevención do acoso laboral no Concello de Culleredo

A Constitución Española reconece como dereitos fundamentais dos españois a dignidade da persoa, (artigo 10), así como a integridade física e moral sen que, en ningún caso, poidan ser sometidos a torturas nin a penas ou tratos inhumanos ou degradantes (artigo 15), e o dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe (artigo 18); e encomenda ao tempo aos poderes públicos, no artigo 40.2, o velar pola seguridade e hixiene no traballo.

En desenvolvemento dos anteriores principios, nos primeiros meses do ano 2007 promúlganse, entre outras, a Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, en cuxo artigo 95, punto 2, tipifícase como falta disciplinaria de carácter moi grave, o acoso laboral (artigo 95.2, letra ou).

O inaceptable destas condutas foi igualmente sancionado na recente reforma do Código penal, a través da Lei Orgánica 5/2010, do 22 de xuño, pola que se modifica a Lei Orgánica 10/1995, do 23 de novembro, que sinala, no seu preámbulo XI, que «dentro dos delitos de torturas e contra a integridade moral, incrimínase a conduta de acoso laboral, entendendo por tal a fustrigación psicolóxica ou hostil no marco de calquera actividade laboral ou funcional que humille ao que o sofre, impondo situacións de grave ofensa á dignidade».

Finalmente, tamén no ámbito europeo son múltiples as referencias ao acoso no lugar de traballo, das que destacaremos a Resolución do Parlamento Europeo sobre o acoso moral no lugar de traballo (2001/2339) que, entre outras cousas, recomenda aos poderes públicos de cada país a necesidade de poñer en práctica políticas de prevención eficaces e definir procedementos adecuados para solucionar os problemas que ocasiona.

CONSIDERACIÓNS

Primeira.- Negociación do protocolo

A Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais establece o dereito de todos os traballadores a unha protección eficaz en materia de seguridade e saúde no traballo

1 de 23

C.I.F. P-1503100-H



Código do documento	Código do expediente
UPO17I012G	UPO/2023/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
6226 440D 0U0E 6P0M 1E72	

Así mesmo o artigo 62 da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes establece o seguinte:

"Artículo 62. Protocolo de actuación frente al acoso sexual y al acoso por razón de sexo.

Para la prevención del acoso sexual y del acoso por razón de sexo, las Administraciones públicas negociarán con la representación legal de las trabajadoras y trabajadores, un protocolo de actuación que comprenderá, al menos, los siguientes principios:

a) El compromiso de la Administración General del Estado y de los organismos públicos vinculados o dependientes de ella de prevenir y no tolerar el acoso sexual y el acoso por razón de sexo.

b) La instrucción a todo el personal de su deber de respetar la dignidad de las personas y su derecho a la intimidad, así como la igualdad de trato entre mujeres y hombres.

c) El tratamiento reservado de las denuncias de hechos que pudieran ser constitutivos de acoso sexual o de acoso por razón de sexo, sin perjuicio de lo establecido en la normativa de régimen disciplinario.

d) La identificación de las personas responsables de atender a quienes formulen una queja o denuncia."

Polo exposto, dende o servizo de persoal elaborouse unha proposta de «PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN DO ACOSO LABORAL NO CONCELLO DE CULLEREDO» (documento código UPO17I00JU), cuio obxecto é definir o marco de actuación para a prevención e protección das/os empregadas/os públicos do Concello de Culleredo en casos de acoso de calquera tipo no ámbito laboral, así como das medidas destinadas á atención da vítima, en casos de reclamacións ou denuncias.

Nos atopamos por tanto, que o protocolo, en canto medida encamiñada á prevención dos riscos de carácter psicosocial nos postos de traballo e, con elo unha mellora na prevención dos riscos laborais e nas condicións de traballo do

2 de 23



Código do documento	Código do expediente
UPO17I012G	UPO/2023/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
6226 440D 0U0E 6P0M 1E72	

C.I.F. P-1503100-H

persoal ao servizo da administración, debe ser sometido á negociación colectiva, que neste caso, require dunha dobre consideración:

- Do Comité de seguridade e saúde, como órgano paritario e colexiado de participación, destinado á consulta regular e periódica das actuacións da empresa en materia de prevención de riscos, integrado polas/os delegadas/os de prevención e as/os representantes da administración.
- Por outra banda, da Mesa xeral de negociación, como órgano paritario e colexiado que, como tal, ten asignada a competencia para negociar o conxunto das materias reguladas polo artigo 37 do TREBEP, entre as que se atopa a prevención dos riscos laborais.

Neste caso, o comité de seguridade e saúde do Concello de Culleredo, acordou na súa reunión de 4 de maio de 2023, a súa conformidade co texto do «PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN DO ACOSO LABORAL NO CONCELLO DE CULLEREDO» (documento código UPO17I00JU), e elevar dito documento á Mesa Xeral de negociación para a súa ratificación formal definitiva, en virtude do disposto no citado artigo 62 da Lei Orgánica 3/2007, e nos artigos 36, 37.1 apartado j), e 38 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

En sesión celebrada o 09/05/2023, a mesa xeral de negociación aprobou o documento introducindo algunhas modificacións, das que deriva o contido do documento que se propón aprobar (UPO17I00WE).

Segunda.- Órgano competente para a súa aprobación.

O órgano competente de goberno municipal para aprobar a ratificación do acordo da Mesa xeral de negociación é a Alcaldía-Presidentencia, e elo dado que non estamos en presenza dun acordo do condicións de traballo, senón dun pacto aprobatorio dun protocolo de actuación a seguir nos casos expresamente previstos no mesmo. Se trata pois de instrumentos reguladores de diferente natureza: tanto o acordo negociado como o convenio colectivo son instrumentos reguladores do conxunto das condicións de traballo das/os empregadas/os públicos e esixen acordo adoitado polo Pleno municipal (artigo

3 de 23



Código do documento	Código do expediente
UPO17I012G	UPO/2023/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
6226 440D 0U0E 6P0M 1E72	

C.I.F. P-1503100-H

37.h) da LBRL), e o protocolo é, sen embargo, un procedemento de actuación por parte das/dos empregadas/os públicas/os do Concello de Culleredo a seguir exclusivamente nos supostos en que se den as circunstancias que o memo contempla, considerándose que o acto en cuestión participa máis ben da natureza das instrucións, regulada polo artigo 6 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, conforme o cal

“1. Los órganos administrativos podrán dirigir las actividades de sus órganos jerárquicamente dependientes mediante instrucciones y órdenes de servicio.

Cuando una disposición específica así lo establezca, o se estime conveniente por razón de los destinatarios o de los efectos que puedan producirse, las instrucciones y órdenes de servicio se publicarán en el boletín oficial que corresponda, sin perjuicio de su difusión de acuerdo con lo previsto en la Ley 19/2013, de 9 de diciembre, de transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno.

2. El incumplimiento de las instrucciones u órdenes de servicio no afecta por sí solo a la validez de los actos dictados por los órganos administrativos, sin perjuicio de la responsabilidad disciplinaria en que se pueda incurrir.”

Polo exposto, enténdese que a aprobación do protocolo entra dentro da competencia xenérica que ostenta a Alcaldía-Presidentencia, regulada polo artigo 21.1 h) da LBRL, podendo aprobarse por Resolución da Alcaldía, sen prexuízo de que poida darse conta ao Pleno para o seu coñecemento, e ratificación no seu caso, se así se estima, todo elo en aplicación do disposto no artigo 38.2 do TREBEP, sendo de inmediata aplicación á totalidade do persoal

Terceira.- Publicidade do protocolo.

Considérase indispensable que, tratándose dun protocolo de actuación, se faga público o seu contido para coñecemento das/os empregadas/os públicas/os do Concello.



Código do documento	Código do expediente
UPO17I012G	UPO/2023/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
6226 440D 0U0E 6P0M 1E72	

Cuarta.- Contido

En canto ao procedemento regulado no protocolo non é, en sí mesmo, un expediente disciplinario nin un expediente administrativo que deba responder nos seus trámites ás distintas fases do procedemento administrativo e, por tanto, á Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Trátase dun procedemento específico de prevención e actuación en supostos concretos de posibles riscos laborais, é dicir, pretende regular en todas as súas fases as actuacións previas á apertura dun expediente disciplinario ou arquivo da denuncia ou adopción de medidas que eviten que o risco se produza, o cal resulta lóxico se se ten en conta que debe dotarse de axilidade, aínda que coas necesarias garantías para cantos se vexan afectados, para evitar que de ser certa a denuncia a situación se manteña no tempo ou de non selo que as sospeitas sobre calquer empregada/o pública/o inocente se sosteñan innecesariamente danando a súa imaxe.

C.I.F. P.-1503100-H

Por todo o exposto, e en virtude das atribucións que ostenta a Alcaldía Presidencia, de conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local

RESOLVO:

Primeiro: Aprobar o «PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN DO ACOSO LABORAL NO CONCELLO DE CULLEREDO» que terá vixencia dende o día seguinte ao de adopción da presente resolución, que transcrito literalmente di:

“PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN DO ACOSO LABORAL NO CONCELLO DE CULLEREDO

ÍNDICE

- ARTIGO 1. Obxecto
- ARTIGO 2. Ámbito de aplicación
- ARTIGO 3. Principios reitores
- ARTIGO 4. Definicións
- ARTIGO 5. Obxectivos xerais e específicos



Código do documento	Código do expediente
UPO17I012G	UPO/2023/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
6226 440D 0U0E 6P0M 1E72	

C.I.F. P-1503100-H

ARTIGO 6. Medidas preventivas

ARTIGO 7. Procedemento de actuación en casos de acoso

ARTIGO 8. Leitos especiais de actuación ante a AEPD

ARTIGO 9. Faltas e sanciones

ARTIGO 10. Seguimento e avaliación

ANEXO 1. Listaxe de condutas constitutivas de acosos laboral

ANEXO 2. Modelo de denuncia

ARTIGO 1. Obxecto

O obxecto deste protocolo é definir o marco de actuación para a prevención e protección das/os empregadas/os públicos do Concello de Culleredo en casos de acoso de calquera tipo no ámbito laboral, así como das medidas destinadas á atención da vítima, en casos de reclamacións ou denuncias.

ARTIGO 2. Ámbito de aplicación

Este protocolo aplicarase a toda persoa que preste servizo nesta Administración, sexa cal sexa o carácter ou a natureza xurídica da súa relación laboral.

Quedan excluídas do ámbito de aplicación do Protocolo as empresas externas contratadas pola Administración, aínda que deberán ser informadas sobre a súa existencia.

ARTIGO 3. Principios reitores

- O Concello velará pola dignidade das/os empregadas/os municipais, poñendo en marcha todas as medidas necesarias para crear e protexer unha contorna laboral libre de todo tipo de acoso.

C.I.F. P-1503100-H



Código do documento	Código do expediente
UPO17I012G	UPO/2023/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
6226 440D 0U0E 6P0M 1E72	

- O Concello respectará os principios recolleitos na normativa reguladora de Protección de Datos de carácter persoal e minimizará os tratamentos de datos persoais das persoas da súa plantilla que poidan supoñer un incremento do risco de condutas constitutivas de acoso. En calquera caso, terá en conta o posible impacto de xénero dos tratamentos que leven a cabo.
- Calquera persoa que teña coñecemento dunha situación incluída baixo o ámbito de aplicación deste Protocolo ten a obrigaçión de denuncia ante os seus superiores xerárquicos ou ante a Comisión de Atención ao Acoso Laboral.
- As/os responsables dos diferentes centros ou unidades de traballo teñen a obrigaçión de velar polo bo ambiente laboral e prestar atención a calquera situación que poida supoñer acoso a calquera das persoas ao seu cargo.
- Os procedementos que se tramiten como consecuencia de denuncias sobre situacións de acoso no ámbito laboral resolveranse á maior celeridade posible.
- Velarase de maneira especial pola privacidade do actuado, co consecuente deber de sigilo, facendo un tratamento reservado da información relativa ás situacións constitutivas de acoso e ás persoas implicadas, garantindo que toda persoa que interveña no procedemento comprométase a non transmitir nin divulgar información relacionada cunha denuncia presentada.
- O Concello reconece o papel da representación sindical na prevención, denuncia e vixilancia do cumprimento da normativa laboral e de condicións de traballo, proporcionando a información, así como o apoio e representación dos empregados que así o soliciten. A representación sindical terá dereito a estar informada sobre o número de denuncias, investigacións e medidas que se adopten neste ámbito.
- Sancionaranse os casos de denuncias, alegacións ou declaracións feitos con mala fe ou aqueles en que os datos ou testemuños que se acheguen sexan falsos.

7 de 23



Código do documento	Código do expediente
UPO17I012G	UPO/2023/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
6226 440D 0U0E 6P0M 1E72	

ARTIGO 4. Definicións

Persoa protexida:

Toda persoa incluída no ámbito de aplicación deste Protocolo que se considere vítima de acoso laboral, incluído o persoal de prácticas que puidese estar no Concello.

Persoa denunciante:

Toda persoa incluída no ámbito de aplicación deste Protocolo que expuxese unha denuncia ou queixa de acoso laboral.

Persoa denunciada:

A persoa incluída no ámbito de aplicación do Protocolo respecto da cal se formule unha denuncia ou queixa de acoso.

Acoso psicolóxico ou moral no traballo:

Fustrigación ao que, de forma sistemática e prolongada, vese sometida unha persoa no ámbito laboral e que adoita provocarlle trastornos psicolóxicos.

Acoso sexual:

Calquera comportamento, verbal ou físico, de natureza sexual que teña o propósito ou produza o efecto de atentar contra a dignidade dunha persoa, en particular cando se de unha contorna intimidatoria, degradante ou ofensiva. No ámbito laboral presenta dúas variantes:

- Chantaxe sexual: Implica abuso de autoridade e prodúcese cando a persoa acosada vese obrigada a elixir entre someterse aos requirimentos da persoa acosadora ou perder determinados beneficios no seu emprego ou condicións de traballo.
- Acoso sexual ambiental: Comportamento de natureza sexual que xera un ambiente que resulta intimidatorio, hostil, humillante, ofensivo, desfavorable ou agresivo a quen o sofre.

Acoso por razón de sexo:



Código do documento	Código do expediente
UPO17I012G	UPO/2023/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
6226 440D 0U0E 6P0M 1E72	

C.I.F. P-1503100-H

Calquera comportamento realizado en función do sexo dunha persoa, co propósito ou o efecto de atentar contra a súa dignidade e de crear unha contorna intimidatoria, degradante ou ofensiva.

Acoso discriminatorio:

Conduta non desexada que, de maneira inxusta e desfavorable, diferencia no trato ás persoas en función da súa orixe racial ou étnica, relixión, conviccións, discapacidade, idade ou orientación sexual e que supón un atentado contra a súa dignidade, creando unha contorna intimidatorio, ofensivo ou humillante.

ARTIGO 5. Obxectivos xerais e específicos

O obxectivo xeral deste Protocolo é definir o marco de actuación ante calquera situación de acoso psicolóxico ou moral, acoso sexual ou por razón de sexo ou acoso discriminatorio, coa finalidade de evitar este tipo de condutas no Concello.

Son, ademais, obxectivos específicos do Protocolo:

1. Promover unha cultura de prevención contra calquera tipo de acoso no ámbito laboral, informando, sensibilizando e formando ao persoal do Concello.
2. Previr todo comportamento que poida ser constitutivo de acoso no ámbito laboral.
3. Dispoñer da organización específica necesaria para atender os casos que se produzan.
4. Establecer os procedementos de intervención adecuados, no caso de que se dean condutas constitutivas de acoso.
5. Garantir a seguridade das persoas vítimas de acoso laboral.

ARTIGO 6. Medidas preventivas

Co obxectivo de prever e evitar calquera situación de acoso no ámbito laboral, establécense as seguintes medidas:



Código do documento	Código do expediente
UPO17I012G	UPO/2023/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
6226 440D 0U0E 6P0M 1E72	

C.I.F. P-1503100-H

De sensibilización e comunicación interna:

- Divulgación e posta ao disposición de todo o persoal deste Protocolo.
- Elaboración e difusión de folletos informativos a todos os departamentos, con información sobre cuestións tales como a identidade das persoas que compoñen a Comisión de Atención ao Acoso ou os procesos de actuación ante situacións de acoso.
- Elaboración e colocación de carteis informativos nos taboleiros e na web municipais.

De formación:

- Formación xeral en políticas de xénero e igualdade entre homes e mulleres.
- Formación específica en materia de acoso no ámbito laboral, especialmente acoso sexual e acoso por razón de sexo.
- Formación ás persoas que vaian intervir nos procesos que se desenvolvan no ámbito deste protocolo, así como aos sindicatos e persoas que integrarán a Comisión de Atención ao Acoso.

De investigación, coñecemento e avaliación:

- Realización de estatísticas sobre intervencións e casos de acoso ocorridos na organización.
- Avaliación de riscos que permitan detectar coa debida antelación situacións de acoso, especialmente nos colectivos máis susceptibles de sufrilo.
- Avaliación e revisión periódica do Protocolo.
- Seguimento dos casos de baixas médicas producidas como consecuencia dunha situación de acoso no traballo.

ARTIGO 7. Procedemento de actuación en casos de acoso

A Comisión de Atención ao Acoso Laboral

10 de 23



Código do documento	Código do expediente
UPO17I012G	UPO/2023/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
6226 440D 0U0E 6P0M 1E72	

C.I.F. P-1503100-H

A Comisión de Atención ao Acoso Laboral estará formada por 5 empregadas/os públicos. A designación e destitución dos seus membros, que tenderá a ser paritaria, realizarase polo/a Alcalde/sa a proposta do Comité de Seguridade e Saúde.

Ademais das persoas titulares, nomearanse aos seus correspondentes suplentes, que lles substituirán en casos de ausencia, vacante ou por incorrer o titular en causa de abstención ou recusación.

Unha vez nomeados, farase público o devandito nomeamento para o seu xeral coñecemento por todo o persoal do Concello.

Os membros da Comisión actuarán de maneira independente e imparcial e comprometeranse a gardar confidencialidade respecto de todos os feitos e datos dos que teñan coñecemento como consecuencia da súa condición de membro da Comisión, en particular daqueles que proveñan da tramitación dun procedemento regulado no presente Protocolo. As súas decisións adoptaranse por maioría.

Aos membros da Comisión seranlles de aplicación as normas sobre abstención e recusación previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Son funcións da Comisión:

- Recibir as denuncias por acoso no ámbito laboral.
- Informar á persoa denunciada sobre a existencia da denuncia e darlle audiencia.
- Prestar asesoramento, informando as persoas interesadas sobre os seus dereitos e obrigacións, procedementos previstos neste Protocolo, e de todo o que teña transcendencia para os efectos deste Protocolo.
- Verificar os feitos recolleitos na denuncia, ao obxecto de decidir se procede ou non tramitar procedemento algún.
- Tramitar a denuncia e, no seu caso, elaborar o Informe de Valoración coas conclusións da investigación, que servirá de base para que o alcalde/sa ou pola súa delegación a concellería competente na materia de Recursos Humanos dite resolución definitiva.



Código do documento	Código do expediente
UPO17I012G	UPO/2023/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
6226 440D 0U0E 6P0M 1E72	

C.I.F. P-1503100-H

Procedemento de actuación: fase informal e fase formal do procedemento

a. Presentación da denuncia

Toda persoa incluída no ámbito de aplicación deste Protocolo que se considere vítima de acoso no ámbito laboral, ou calquera outra persoa dentro de devandito ámbito de aplicación que teña coñecemento de que se está dando esta situación, poderá presentar denuncia escrita, segundo o modelo que figura como Anexo a este Protocolo, achegando indicios suficientes, ante calquera membro da Comisión de Atención ao Acoso Laboral, directamente ante o seu Responsable administrativo ou político, ou ben na dirección de correo electrónico da Comisión de Atención ao Acoso Laboral creada para o efecto.

Se a denuncia preséntase por unha terceira persoa, deberá informarse á presunta vítima, que deberá corroborala por escrito no prazo máximo de tres días.

Recibida a denuncia ou corroborada a mesma, a Comisión de Atención ao Acoso Laboral reunirse no prazo de dous días laborables ao obxecto de realizar unha breve análise sobre a situación descrita e confirmar a presunta veracidade dos feitos, descartando incongruencias e imprecisións.

Ademais, co fin de garantir a intimidade e confidencialidade do expediente, a Comisión asignará un código identificativo á denuncia que figurará en toda a documentación que se xere a partir deste intre.

Resultado desta primeira análise, a Comisión poderá:

- Arquivar a denuncia, porque faltasen indicios fundados de acoso.
- Identificar a situación denunciada como acoso laboral e iniciar, previa conformidade da presunta vítima, a fase informal do procedemento.
- Identificar a situación denunciada como posible acoso laboral e iniciar a fase formal do procedemento.

Das conclusións desta primeira análise darase coñecemento á persoa denunciada, á persoa presuntamente acosada e á Unidade de Recursos Humanos. Ademais, no caso de que sexa necesario adoptar algún tipo de

12 de 23



Código do documento	Código do expediente
UPO17I012G	UPO/2023/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
6226 440D 0U0E 6P0M 1E72	

medida cautelar, darase traslado, igualmente, aos responsables das áreas ou departamentos afectados.

b. Medidas cautelares

Para garantir a protección das persoas implicadas no procedemento, cando se considere que hai indicios suficientes da existencia de acoso, a Comisión de Atención ao Acoso Laboral solicitará de maneira fundada ao Departamento de Recursos Humanos a adopción das medidas cautelares que se estimen necesarias, con carácter provisional, co fin de evitar maiores prexuízos. Así, entre outras, poderán adoptarse as seguintes medidas:

- Informar ás/os responsables dos departamentos afectados.
- Separación da presunta vítima e da persoa denunciada.
- Cambio de posto e/o quenda de traballo.
- Modificación temporal de funcións, ou cambio temporal de posto de traballo, do presunto infractor/a, nos casos máis graves, debidamente xustificadas e sempre que a conduta de acoso puidese ocasionar prexuízos ao servizo.
- Calquera outra medida que se estime necesaria para evitar maiores prexuízos para as persoas afectadas e para o propio Concello.

Ditas medidas cautelares poderá adoptarse, en caso de ser necesario, ao longo de todo o procedemento.

c. Inicio do procedemento: fase informal

Unha vez recibida a denuncia e ratificada, no seu caso, pola presunta vítima, tras unha primeira análise onde se evidencien indicios de acoso e sempre que a persoa protexida mostre a súa total conformidade, poderá desenvolverse esta fase informal do procedemento cuxo fin é tratar de resolver o problema sen necesidade de iniciar un procedemento formal sancionador. Mesmo, poderíase tratar de solucionar a situación de conflito baseándose no diálogo entre as



Código do documento	Código do expediente
UPO17I012G	UPO/2023/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
6226 440D 0U0E 6P0M 1E72	

partes e explicando á persoa denunciada o impropio da súa conduta e que debe cesar nela.

Durante esta fase, que non excederá de sete días laborables, buscarase resolver o conflito de maneira áxil e dialogada, tentando poñer fin á situación e poñendo todos os medios para evitalo nun futuro. Para iso, a Comisión poderá designar a unha persoa neutral que exercerá labores de mediación entre as partes. En todo caso, a participación das partes neste procedemento de mediación será voluntaria.

C.I.F. P.-1503100-H

Son funcións do/da mediador/a:

- Atender á presunta vítima de acoso.
- Entrevistarse coas partes e as/as testemuñas, para solicitar toda a información que sexa necesaria.
- Acceder a todos os medios de proba e a información que considere necesarios.
- Redactar un informe coas súas conclusións, que será remitido á Comisión de Atención ao Acoso Laboral.

No caso de que do informe de conclusións do mediador/a constátase a falta de indicios suficientes para considerar os feitos como acoso laboral, procederase ao arquivo da denuncia.

No caso de alcanzar un acordo entre as partes nesta fase informal do procedemento, este deberá ser ratificado e asinado por ambos, persoa protexida e persoa denunciada.

No caso contrario, no que as partes non alcancen un acordo, darase comezo á tramitación da fase formal do procedemento.

d. Tramitación do procedemento: fase formal

A fase formal iniciárase cando non se alcance acordo na fase informal; cando as accións denunciadas sexan de tal gravidade que a Comisión de Atención ao Acoso Laboral valore, unha vez recibida a denuncia, que este é o leito adecuado



Código do documento	Código do expediente
UPO17I012G	UPO/2023/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
6226 440D 0U0E 6P0M 1E72	

C.I.F. P-1503100-H

para tramitalas; ou, finalmente, cando a persoa presuntamente acosada considere que non resulta adecuado acudir ao procedemento informal.

A Comisión de Atención ao Acoso Laboral nomeará, entre os seus membros, unha persoa instrutora que poderá, durante o prazo de tres días laborables, realizar as entrevistas que considere pertinentes. En primeiro lugar, entrevistarse coa presunta vítima de acoso. Posteriormente, entrevistarse coa persoa denunciada, informándolle do carácter inadecuado do comportamento que foi obxecto da denuncia e da posibilidade de que sexa cualificado como acoso laboral, coa intención de que se retracte e alcanzar unha solución adecuada para as partes. Poderá, así mesmo, reunirse con testemuñas, se as houbera.

Se non se alcanzase ningún acordo, a persoa instrutora redactará, no prazo doutros tres días laborables, acta valorando as entrevistas realizadas e as remitirá á Comisión de Atención ao Acoso Laboral.

A Comisión, á vista de todas as actuacións practicadas, elaborará, no prazo de cinco días laborables, un Informe de Valoración. Para iso, tomará en consideración a acta do instrutor/a e, se así o considera, poderá solicitar asesoramento externo a persoas ou organizacións expertas en materia de prevención e actuación ante o acoso.

Así mesmo, poderá realizar entrevistas coas partes e con posibles testemuñas.

No Informe de Valoración da Comisión indicarse se existen indicios de acoso laboral ou non, así como as medidas correctoras propostas. Ademais, recolleranse as conclusións de todo o actuado ata o momento e propoñeranse:

- Arquivar a denuncia por acordo entre as partes ou por falta de indicios suficientes para continuar.
- Incoar, se procede, o correspondente expediente disciplinario, tendo o Informe de Valoración carácter de Expediente Informativo.

Do Informe de Valoración darase traslado á persoa denunciada, á presunta vítima e á Unidade de Recursos Humanos.

Durante o prazo de cinco días laborables, tanto a persoa denunciada como a presunta vítima poderán realizar alegacións ou presentar novas probas.



Código do documento	Código do expediente
UPO17I012G	UPO/2023/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
6226 440D 0U0E 6P0M 1E72	

De todo o actuado quedará constancia por escrito, sendo urxente e confidencial todo o procedemento.

e. Resolución

Recibido o Informe de Valoración da Comisión de Atención ao Acoso Laboral pola Unidade de Recursos Humanos, procederase, nun prazo máximo de cinco días hábiles, a preparar unha resolución da Alcaldía a fin de aplicar aquelas medidas propostas pola citada Comisión, sempre que tales medidas sexan acordos coa normativa aplicable.

Esta resolución notificarase á persoa protexida e á persoa denunciada e contra a mesma caberán os recursos legalmente previstos.

ARTIGO 8. Cauces especiais de actuación ante a AEPD

Nos casos nos que o acoso producívese a través de tratamentos ilícitos de datos persoais, a persoa afectada poderá solicitar a tutela dos seus dereitos, interpoñer unha reclamación que devindica nun procedemento sancionador, ou solicitar medidas cautelares urxentes á Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

En situacións excepcionalmente delicadas, cando as imaxes inclúan contido sexual ou mostren actos de violencia, poñendo no alto risco os dereitos e liberdades dos afectados, a AEPD dispón dunha Canle prioritaria para comunicar a difusión ilícita deste contido sensible, co obxectivo de dar unha resposta rápida á devandita situación.

ARTIGO 9. Faltas e sancións

As faltas cometidas polas persoas incluídas no ámbito de aplicación deste Protocolo clasificaranse e sancionarán de acordo coa normativa aplicable ás/os empregadas/os públicos que se inclúen no ámbito de aplicación deste Protocolo.



Código do documento	Código do expediente
UPO17I012G	UPO/2023/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
6226 440D 0U0E 6P0M 1E72	

C.I.F. P-1503100-H

ARTIGO 10. Seguimento e avaliación

O seguimento e control das medidas correctoras propostas tras o procedemento de actuación nun caso de acoso corresponderá a cada Concellería con delegación, segundo a área de que se trate.

Cando se produza a reincorporación do empregado/a que, no seu caso, estivese de baixa despois dunha situación de acoso, deberanse adoptar as medidas pertinentes ao obxecto de evitar que se produza calquera tipo de hostilidade no ámbito laboral.

Anualmente, a Comisión de Atención ao Acoso emitirá un informe en relación cos procedementos de actuación tramitados (denuncias presentadas, datos relativos ao xénero das persoas denunciadas e denunciadas, procedementos informais tramitados, resolucións dos procedementos formais, sancións impostas...).

A Comisión propoñerá a revisión do presente Protocolo cando detecte fallos na súa aplicación ou considere necesario a súa actualización. A revisión deberá ser aprobada pola Mesa Xeral de Negociación do persoal funcionario e laboral do Concello, previa consulta co Comité de Seguridade e Saúde.

Anexo 1. Listaxe de condutas constitutivas de acoso laboral

A continuación inclúense, a título orientador e con carácter non exhaustivo, exemplos de condutas constitutivas de acoso no ámbito laboral. Consideraranse como tales independentemente do medio ou formato no que se desenvolvan e terase especialmente en conta se para a súa produción fíxose un tratamento ilícito de datos persoais ou se se utilizaron na súa difusión as novas tecnoloxías (redes de mensaxería instantánea ou redes sociais):

a. Acoso psicolóxico ou moral no traballo

- Cambiar a localización dunha persoa de maneira inxustificada e co único obxectivo de separarlle dos seus compañeiros/s.
- Excluir ou illar da actividade profesional a unha persoa.
- Non dirixir a palabra a unha persoa ou prohibir ou restrinxir o trato con esa persoa ás demais.

17 de 23



Código do documento	Código do expediente
UPO17I012G	UPO/2023/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
6226 440D 0U0E 6P0M 1E72	

C.I.F. P-1503100-H

- Non asignar tarefas a unha persoa, ou asignarlle tarefas sen sentido, degradantes ou moi por baixo das súas capacidades.
- Asignar tarefas que supoñan unha carga de traballo desproporcionada ou excesiva en relación coa das súas compañeiras/os.
- Controlar de maneira desmedida o rendemento dunha persoa.
- Difundir ou publicar comentarios despectivos, rumores falsos, críticas permanentes sobre a vida persoal de alguén, chistes ofensivos ou desmérito da valía profesional dun/a traballador/a.
- Mofarse das capacidades dunha persoa.
- Imitar os xestos, a voz ou facer parecer estúpida a unha persoa.
- Gritar ou insultar a alguén.
- Ameazar verbalmente a unha persoa.
- Chamadas telefónicas, cartas ou mensaxes que causen terror telefónico á vítima.
- Agresións físicas.

b. Acoso sexual

- Observacións suxestivas ou desagradables en relación coa aparencia ou aspecto dunha persoa ou de contido libidinoso.
- Invitacións impúdicas e non consentidas.
- Xestos obscenos.
- Usar imaxes de contido sexual ou pornográfico no lugar ou coas ferramentas de traballo.
- Rozamentos, contacto físico ou achegamento innecesario.



Código do documento	Código do expediente
UPO17I012G	UPO/2023/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
6226 440D 0U0E 6P0M 1E72	

C.I.F. P-1503100-H

- Gravar imaxes degradantes que afecten á intimidade das persoas traballadoras.
- Difundir imaxes ou vídeos de contido sexual entre traballadores/as.
- Publicar ou difundir mensaxes ou contido audiovisual (imaxes, memes etc.)/ etc.) que teñan por obxecto menoscabar a dignidade da persoa traballadora e crear unha contorna humillante ou hostil.
- Difundir ou publicar comentarios despectivos, rumores falsos, críticas permanentes sobre a vida persoal de alguén, chistes ofensivos ou desmérito da valía profesional da persoa traballadora, cando teñan carácter sexual.
- Linguaxe non verbal obsceno, como chiscadelas, miradas ou xestos.
- Demanda de favores sexuais, xa sexa con ou sen promesa de mellora ou baixo ameaza.
- Observacións clandestinas en lugares reservados tales como os servizos ou os vestiarios.
- Agresións físicas.

c. Acoso discriminatorio

- Ataques ás actitudes e crenzas políticas, relixiosas ou ás conviccións dunha persoa.
- Mofas á nacionalidade ou procedencia dunha determinada persoa.
- Bromas ou comentarios ofensivos sobre a aparencia, orixe, condición... dunha persoa.
- Difundir ou publicar comentarios despectivos, rumores falsos, críticas, chistes ofensivos ou desmérito da valía profesional da persoa traballadora, cando estean relacionados co sexo da persoa traballadora, a súa orientación ou identidade sexual, a súa ideoloxía, as súas crenzas ou as súas conviccións.

19 de 23



Código do documento	Código do expediente
UPO17I012G	UPO/2023/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
6226 440D 0U0E 6P0M 1E72	

Non constitúen acoso as accións illadas ou as meras situacións de tensión no traballo. Tampouco os conflitos interpersoais esporádicos que poidan darse dentro das relacións humanas e que, aínda que poden afectar á organización do traballo, non teñen como finalidade provocar trastornos psicolóxicos nin un efecto intimidatorio, degradante ou ofensivo.

En todo caso, para valorar de maneira adecuada a concorrencia ou non das condutas anteriormente relacionadas teranse en conta as circunstancias agravantes ou atenuantes que concorran no caso concreto. Así, e a modo de exemplo:

C.I.F. P-1503100-H

Considéranse circunstancias agravantes:

- O abuso de superioridade xerárquica.
- A aleivosía.
- A reiteración das condutas ofensivas, unha vez denunciados os feitos.
- A condición de discapacitado da vítima.
- A pluralidade de acosadores.

Considéranse circunstancias atenuantes:

- O recoñecemento dos feitos por parte do acosador.
- Aceptar o resultado do procedemento informal.

Anexo 2. Modelo de denuncia

DENUNCIA POR ACOSO NO TRABALLO

DATOS DA PERSOA DENUNCIANTE

Nome e Apelidos

NIF

Teléfono Email

En calidade de:

20 de 23



Código do documento	Código do expediente
UPO17I012G	UPO/2023/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
6226 440D 0U0E 6P0M 1E72	

Presunta vítima Representante sindical Testes ña Outra

DATOS DA PRESUNTA VÍTIMA

Nome e Apelidos

NIF

Sexo: Home Muller

Datos de contacto (email, tfno.)

Centro/unidade de traballo

Posto de traballo

DATOS DA PERSOA DENUNCIADA

Nome e Apelidos

Sexo: Home Muller

Datos de contacto (email, tfno....)

Centro/unidade de traballo

Posto de traballo

Relación laboral coa presunta vítima

OBXECTO DA DENUNCIA

Descrición dos feitos:



Código do documento	Código do expediente
UPO17I012G	UPO/2023/61
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
6226 440D 0U0E 6P0M 1E72	

DATA E SINATURA

Declaro baixo a miña responsabilidade que os datos facilitados son certos.

En _____, a _____ de _____ de 20__.

A/O denunciante,

Asdo.: _____

C.I.F. P-1503100-H

COMISIÓN DE ATENCIÓN AO ACOSO LABORAL”

Segundo.- Dar conta desta resolución ao Comité de seguridade e saúde e á Mesa xeral de negociación para o seu coñecemento e efectos, así como á Autoridade Laboral, para a inscrición da aprobación do protocolo na oficina de rexistro correspondente e posteriormente para que pola mesma se proceda á publicación do texto rexistrado no Boletín oficial pertinente.

Terceiro.- Publicar o PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN DO ACOSO LABORAL NO CONCELLO DE CULLEREDO no taboleiro de anuncios, na web municipal, e no portal de transparencia para para xeral e público coñecemento das/aos empregadas/os municipais.

Culleredo, á data da sinatura dixital

A proposta de

O XEFE DO GABINETE TÉCNICO

VARELA
TEJEDOR,
JAVIER
Xefe do gabinete
técnico
07/06/2023 11:48

Conforme coa proposta, élevase a
resolución

O ALCALDE

RIOBOO CASTRO, JOSE RAMON
Alcalde-Presidente, en funcións

Dou fe,

O SECRETARIO XERAL

VILLÁN FUERTES, JOSÉ
Secretario xeral
07/06/2023 13:50

23 de 23